

Entre o 6 e o 10 de xullo Santiago de Compostela acollerá a terceira edición do seminario *Leccións Avanzadas en Economía da Pesca e da Acuicultura*

VARIOS EXPERTOS INTERNACIONAIS DEBATERÁN EN GALICIA SOBRE A CADEA DE VALOR DA PESCA E DA ACUICULTURA

- ***O seminario –que ten limitación de prazas– está organizado pola Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO) e a Consellería do Medio Rural e do Mar, e conta co patrocinio da Fundación Alfonso Martín Escudero (FUNDAME)***

Santiago, 27 de xuño de 2015.- Entre o 6 e o 10 de xullo a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) de Santiago de Compostela acollerá a terceira edición do seminario internacional *Leccións Avanzadas en Economía da Pesca e da Acuicultura*. As persoas interesadas en asistir a este evento –que ten limitación de prazas– deben formalizar a súa inscrición a través da web <http://alfae2015.cetmar.org/indexES.php>.

Este seminario está organizado pola Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO) e a Consellería do Medio Rural e do Mar e conta co patrocinio da Fundación Alfonso Martín Escudero (FUNDAME). Consta de cinco xornadas nas que varios expertos internacionais debaterán sobre a cadea de valor da pesca e da acuicultura.

Este curso ten como obxectivo poñer a disposición dos participantes información sobre os progresos máis recentes no eido da economía acuícola e establecer un marco para comprender e avaliar os últimos cambios e avances experimentados polos produtores, consumidores e mercados. Consistirá nun foro de debate para que os principais actores da cadea de valor da pesca e da acuicultura intercambien os últimos avances de áreas como a xestión, as iniciativas das administracións públicas e a comercialización de produtos.

Por iso, o seminario está dirixido especialmente a participantes con formación universitaria ou experiencia profesional equivalente, investigadores, xestores, axentes do sector, consultores, asesores e outros especialistas implicados na socioeconomía da pesca e da acuicultura.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR.

